



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infoneocio.com

determinou como irregular e suficiente para revocar o contrato. De feito, a Fiscalía está investigando a Armando Blanco e a todos os edis populares e independentes que aprobaron a prórroga no pleno.

A propia ONU en 2010 recoñeceu a auga como un derecho humano e os procesos de remunicipalización están senda unha constante en toda Europa, após os abusos das empresas e a corrupción asociada á privatización da auga, que é un ben público esencial.

Corrupción como a que recolle o sumario do caso Pokemon que inclúe «presuntas adxudicacións ilícitas de contratos e servizos» a sociedades privadas de auga.

Concesións por 30 anos lembran as de 50 anos (prorrogábeis) que outorgaba o franquismo ás eléctricas en encoros como Belesar. Afortunadamente, hoxe a tendencia é voltar a assumir o servizo municipal de auga potábel, saneamento e depuración de augas residuais.

Por todo isto, se non ten nada que ocultar, debe convocar un pleno extraordinario onde se nos remita a pertinente documentación coa suficiente antelación para o seu estudo, tanto a solicitada no seu día pola xuíza, canto a que os grupos acheguemos ou solicitemos; así como as demandas e cuestións que estimemos oportunas.

No devandito pleno vostede deberá render contas e dar as pertinentes explicacións, así como someterse á confianza do Pleno. Como os aquí presentes saberán só quen se manifeste en contra dos acordos na xurisprudencia pode apelar e desentenderse das súa responsabilidade penal. Para nós aínda é máis importante a dimensión ética e tamén por transparencia e calidade democrática hai que dar este debate e trasladar á cidadanía as conclusións e os datos obxectivos.

A auga é un ben público que se debe protexer e xestionar tendo en conta criterios medioambientais, de sostenibilidade e de eficiencia no sistema. A experiencia da xestión privada só deu no incremento das tarifas e no déficit económico do servizo continuado, o que demostra que a xestión privada é nociva para a cidadanía e para as arcas municipais.

Por iso, en numerosos concellos desenvólvese o disposto no Pacto Social pola Agua, unha iniciativa promovida por máis de 300 asociacións, organizacións e partidos que pretenden evitar a xestión privada e defender este recurso como derecho humano. O Pacto Social pola Auga empezou a recorrer centos de plenos municipais xungundo a vontade dos cidadáns e dos partidos políticos, agás dos que poñen por diante dos intereses veciñais os das empresas, que tamén os hai aínda que cada vez reciban un apoio menor dunha cidadanía cada vez máis consciente do impacto das políticas públicas na súa economía doméstica directa ou indirectamente.

Empresas coas que non hai transparencia ao anularse calquera opción de licitación, diminuir a calidade da auga e do emprego, pérdense cartos pola chantaxe da cláusula do equilibrio financeiro ... En resumo, a calidade do servizo diminúe, a factura do cidadán aumenta e se hai beneficios son para a



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

empresa e se hai perdas asumímolas todos vía impostos. Cousas do "libre mercado".

O Pacto Social pola auga non só supón acabar coa privatización da auga, senón que pula por un novo modelo económico, ambiental e social ao servizo dos cidadáns onde a prioridade sexan as persoas e a participación das mesmas na xestión. Un modelo público 100%, transparente e participativo.

A nosa moción ten un triplo cometido:

- Recuperar a auga para a veciñanza remunicipalizándoa e mellorando o servizo á vez que se abaratan custes, como están facendo en Sevilla, Compostela, Valladolid e Gasteiz. Un aforro que podería servir para financiar a mellora do servizo e a construcción dunha traída da auga polo seu propio peso.
- Aclarar un asunto turbio que se está dilatando no tempo en exceso, informando con transparencia aos cidadáns dun asunto grave e do que cómpre que se renda contas canto antes.

A transparencia e o diálogo son esenciais para a confianza recíproca, xa que, a falta dunha axeitada información, as investigacións e os antecedentes noutros concellos apuntan para un desenlace semellante ao do seu socio e alcalde de Monterroso, condenado a cárcere e inhabilitado para cargo público. **Se se nega a comparecer perante o pleno respondendo a todas as cuestións que lle foren formuladas e achegando a documentación pertinente entenderemos que efectivamente si ten algo que ocultar.**

En virtude da nosa exposición de motivos propomos o seguinte **ACORDO:**

- 1.- Que o concello de Chantada acorde comezar o proceso para o rescate da concesión da auga, nestes momentos en mans de *Viaqua*, para a súa xestión directa.
- 2.- Creación do novo regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga potábel, saneamento e depuración cun plano de acción 2017-2020 asociado.
- 3.- Solicitar os informes preceptivos ao Consello Consultivo e á Deputación de Lugo
- 4.- Iniciar o procedemento para o estudo da modificación do cadre de persoal.
- 5.- Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de auga, sumidoiros e depuración.
- 6.- Que se convoque un Pleno extraordinario cuxo único punto do día sexa a análise e debate de toda a documentación da concesión a Aquagest por 30 anos da auga de Chantada, así como un informe da intervención sobre o custo actual da auga privatizada para as arcas municipais desde o ano 2007, co desglose por ano e por conceptos (así como a cantidade do canon de concesión pagado pola empresa). No mesmo pleno os grupos municipais recibirán toda a información pertinente e aquela que soliciten, para alén de poderen formular todas as preguntas e cuestións que desexen.”



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

Tras las intervenciones regulamentarias, o Pleno, por un voto a favor (Grupo Por Chantada-CUP), sete votos en contra (Grupo de INTA) e cinco abstenciones (Grupos Socialista e do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal Por Chantada-CUP para o rescate da concesión da auga e dación de contas do Alcalde Manuel Lorenzo Varela sobre a concesión por 30 anos da auga a Aquagest.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervenciones:

De D. Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que lé a moción, con algún comentario adicional, ata o parágrafo catorce da exposición de motivos.

De D. Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que anuncia abstención, igual que na Comisión. Está ben que o siga estudiando a xustiza.

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que mostra a repulsa absoluta do seu Grupo a esta prórroga concesional. Pero tamén son escrupulosos co proceso que se está a xulgar. Valoramos positivamente a petición de informes, son puntos nos que estamos de acordo. Pero non podemos apoiar xa o rescate, sen informes sobre custos.

Do Sr. Interventor, que di que abrir un proceso de rescate é un risco económico, cun contencioso dilatado no tempo. É abrir unha incerteza económica de anos. Se hai dilixencias penais, que determinen que estivo mal, sería a maneira de evitar a incerteza. O risco que asumiríamos levería a unha posible provisión de moitos millóns. Debemos ser moi cautelosos.

De Dna. Raquel López Rodríguez, que di que en todo caso, o informe é necesario.

De D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que o que está sendo investigado é Aquagest, actual Viaqua, non o Concello de Chantada. Que siga a xustiza.

De D. Antón Fente Parada, que di que o punto primeiro do acordo é "comezar", e no punto terceiro solicítanse informes do Consello Consultivo e da Deputación. Había un informe desfavorable da propia Secretaría municipal. Unha cousa é que investigue a xustiza, outra a remunicipalización.

Do Sr. Alcalde, que di que deixemos traballar á xustiza. Sobre o Pleno extraordinario, os tres Grupos da oposición son suficientes para pedilo.

13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE APOIO Ó SECTOR LÁCTEO GALEGO.

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Régime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. Tras las intervenciones regulamentarias e cunha emenda engadida, acórdase o seguinte:



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As explotacións lácteas galegas están nunha situación económica límite: ameazadas con deixar de recollerles o leite, prezos ruinosos, a imposición de contratos de condicións abusivas por parte das industrias e a banalización do leite por parte da distribución, que segue a empregalo como produto reclamo.

Miles de familias viven de xeito directo e indirecto da producción de leite en Galicia, sendo en moitas comarcas un sector estratégico tanto a nivel de emprego como dende o punto de vista económico, social ou de xestión do territorio. Frente á profunda crise que está a vivir o sector lácteo galego e á ameaza de deslocalización da producción de leite cara a outras partes do estado e de Europa.

A mala acollida nun principio do paquete lácteo, polo menos por unha banda do sector industrial, contribuí a que en España se produza un fenómeno que non ten precedentes en ningún país da UE e moito menos nun país deficitario como é o noo, cal é o abandono de rutas de recolleita ou ameazas de non recoller. Esta situación é insostible e menos nun produto tan perecedero como o leite.

A sinatura de máis de 3.000 contratos con prezos de entre 18 e 22 céntimos por litro, arruína aos gandeiros a curto prazo e ameaza con desequilibrar toda a cadea de valor.

Dende fai máis de un mes, tanto a nivel galego como nas diferentes comarcas más importantes de Galicia a nivel de producción de leite, os gandeiros e gandeiras vénense manifestando de forma moi importante esixindo das administracións en xeral e sobre todo do Goberno Galego unha rápida intervención e que lidere propostas políticas a nivel nacional e europeo sen que ata o de agora sexan escoitados.

Por todo o anterior, o **Pleno do Concello de Chantada**, dado a importancia que o sector representa neste concello, como dinamizador fundamental e base da nosa economía produtiva, adopta por unanimidade, o seguinte **ACORDO**

1º.- Solicitar do Goberno da Xunta de Galicia a que de acordo co sector desenvolva medidas políticas urxentes para evitar o peche de miles de explotacións de leite.

MEDIDAS A CURTO PRAZO

1. Cuantificación do excedente lácteo e xestión do mesmo a través dos mecanismos de intervención, almacenamento privado e entrega a terceiros países.

España é un país importador de leite, tanto de produtos elaborados como de leite en po. O goberno de España ten que xustificar a posta en marcha das medidas de intervención desde a idea de que o noso país vive nestes momentos unha situación excepcional con risco de grave desvertebración do conxunto do sector produtor. Débese por en marcha compras públicas de intervención para o leite en po e manteiga a prezos que se cubran polo menos os custos de producción dos gandeiros. O almacenamento privado e a entrega a terceiros países son sen dúbida fórmulas que tamén deben ser postas en marcha. O mundo necesita leite e nos nestes momentos podemos proporcionarlla.

2. A Determinación de un “Prezo Sostible” para o leite, baseado nos prezos mínimos da industria e da distribución tal como están recollidos no observatorio do Ministerio ós que se agregarían o prezo medio da leite na UE-15.

Os gandeiros galegos están dispostos a competir no mercado pero o que non poden e soportar os prezos máis baixos de Europa e con diferencias de ata 8 céntimos con respecto



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

a outras comunidades autónomas do Estado, non e xusto nin explicable por ningunha razón e menos polas razóns do “mercado”. Este prezo nunca podería ser inferior os custos de producción dos gandeiros, algo suficientemente obxetivable.

3. Vixilancia e sanción dos contratos lixo, de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria que opera en España para recolocar ese leite a prezos de mercado.

Nun contexto no que os mercados nacionais e internacionais ofrecen expectativas, é preciso recoller todo o leite que existe no mercado a prezos de mercado.

4. Acabar coa banalización que con frecuencia se fai do leite e so produtos lácteos nos lineais da gran distribución.

É preciso xerar valor na cadea láctea e que devandito valor se reparta ao longo da mesma. Debe cumplirse a lei de Transparencia da Cadea Alimentaria en especial as labores de control, inspección e sanción de prácticas comerciais irregulares.

5. Axudas inmediatas directas ás explotacións, para evitar o peche xa que arrastran moitos meses perdendo cartos.

MEDIDAS A MEDIO PRAZO:

1. Regulación dos primeiros compradores de modo que sexan verdadeiros operadores loxísticos que aporten algúñ valor na cadea, e non meros intermediarios.

A esixencia de un aval suficiente poder ser unha forma de regulación que ofreza garantía de cobro aos produtores. Tamén se debe axilizar a retirada do permiso de actividade no caso de reincidencia nas prácticas nocivas para o sector.

2. Necesidade de recuperación do consumo.

Impulso do programa de leite escolar que permita unha mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos e un aumento do seu consumo nun fragmento de poboación máis xoven. Mellora da imaxe do leite e os produtos lácteos, utilizando argumentos que contrarresten a imaxe negativa do leite que se da en moitos ámbitos.

3. É preciso estabilizar as relacións entre os distintos axentes da cadea láctea.

A interprofesional láctea e o contrato lácteo son elementos importantes de estabilidade e vertebración sectorial. É preciso buscar fórmulas novas que resolván a difusión dos índices de referenciación de prezos para o seu uso de forma xeneralizada nos contratos lácteos.

É unha prioridade para que a negociación dos termos do contrato se produzán en condicións de equilibrio. Varios son os elementos que producen desequilibrio na negociación. Un é o carácter perecedero do producto, a diferencia da capacidade de concentración entre produtor e industrial, e a existencia de unha única canle de venda de leite sexa a primeiros compradores ou a industrias.

4. Apostar por unha verdadeira negociación colectiva dos elementos do contrato a través das organizacións de produtores tal e como o paquete lácteo permite.

Desenvolvemento da figura do mediador, para que interveña naqueles casos en que non exista acordo nas condicións de contrato previo á sinatura do mesmo ou para aqueloutros en que a industria nin sequera se queira sentar coas organizacións de produtores.

A deslocalización da producción láctea é unha das grandes preocupacións pois pode afectar a moitos dos pequenos e medianos produtores de leite. É necesario establecer instrumentos para evitalo.

5. Establecer un plan estratégico de futuro para o sector lácteo galego.

Consideramos necesarias medidas de carácter estratégico para reforzar e asegurar a posición de liderado do sector lácteo galego en España e poder fazer fronte en mellores condicións a posibles crises de baixos prezos de mercado que poden repetirse na nova



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

situación de mercado liberalizado. Neste sentido hai que acordar e comprometerse á elaboración urxente, tal como o PSdeG-PSOE reclamou de forma reiterada, dun plan estratéxico de sector Lácteo Galego:

- Contando con todos os axentes implicados.
- Con compromisos orzamentarios axeitados, claros, e calendarizados.
- Con medias enfocadas para que os produtores poidan abaratar os custos de producción e centrados fundamentalmente nun eficaz acceso a máis base territorial
- Con un plan industrial propio galego que conte coas cooperativas, e que dote a este país de estruturas de fabricación de produtos elaborados que xeren maior valor engadido que o leite líquido.

2º.- Que membros da Corporación participen en tódalas mobilizacións e que o Concello inste á Xunta a cumplir as reivindicacións do sector.

3º.- Que se forme unha comisión específica, plural e aberta dedicada á defensa do noso tecido produtivo con contactos cos produtores, cooperativas, sindicatos e organizacións agrarias aos que deberá apoiar nas súas demandas”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que supón que foi lida a moción que se remitiu por correo electrónico. Xa houbo outra moción no anterior Pleno, e o problema agrándose. É unha moción tipo, das que non lle gustan, pero hai problemas xerais dos gandeiros. Espero un apoio que os gandeiros agradecerán. Queríamos saber que se fixo trala anterior moción.

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que di que no Pleno anterior aprobouse sobre isto unha moción, que tivo unha emenda nosa que foi retirada e da que quedou constancia. Hai que dar pasos; se non, auga de castañas. Está ben o apoio ao sector, pero hai que facer algo concreto, non só pronunciamentos. Non sei da participación do Concello nas protestas habidas. Tamén debería haber unha Comisión cos sectores implicados, e unha rolda de contactos cos Alcalde do sur de Lugo. Temos dúas emendas a incluír, ánda que apoiamos igual a moción. (As emendas son os puntos 2º e 3º finais da moción que se aprobou).

De Dna. Raquel López Rodríguez, que di que non hai problema en aceptar as dúas emendas.

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que di que os membros da Corporación deben participar nisto, non só o Alcalde.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que le unha emenda que enviou ao Grupo proponente da moción: “O pleno do concello de Chantada comprométense coa defensa do sector lácteo e insta aos gobernos estatal e autonómico a continuar coa adopción das medidas precisas, dende o seu ámbito competencial, para garantir unha axeitada construcción de presos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, e ás organizacións de produtores e organizacións agrarias a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para acadar estes obxectivos”.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

De Dna. Raquel López Rodríguez, que agradece a emenda do PP, pero non a imos aceptar. Pregunta ao Alcalde e a Héctor Ledo, do seu Grupo, sobre as últimas noticias. Di o Sr. Ledo que se trata de que as industrias teñan un prezo base estatal, e que mañá hai unha reunión ás trece horas.

De D. Antón Fente Parada, que se pregunta sobre o libre mercado, cando se teñen dado millóns de euros ás entidades bancarias. En Francia, hai un acordo entre o Estado e os produtores. Despois, a ver que dirá a Unión Europea. Pero España xa non di nada fronte a Europa. O Presidente da Xunta actúa de palabra, sen feitos. Hai un clamor social cara ao sector. Estámonos xogando o futuro do tecido produtivo galego.

Do Sr. Alcalde, que di que apoiamos a moción. Hai que deixar traballar a cooperativas, sindicatos, etc. O Concello fretou autocares para Lugo e Santiago. Nós participamos nas manifestacións de Santiago e de Chantada, e farémolo no que poidamos.

14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A REGULARIZACIÓN CATASTRAL E AS LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Comisión Especial de Contas. A moción di o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O procedemento de regularización catastral 2013-2016 foi introducido pola Lei 16/2012, de 27 de decembro pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas y ó impulso da actividade económica. A propia denominación da Lei xa deixa claro sen lugar a dúbidas o carácter recaudatorio que se agocha tras esta medida.

O proceso consiste en liñas xerais coa incorporación á base de datos catastral de novos inmobilés, que por diversos motivos non estaban incluidos. O que en principio se pode considerar de xustiza convértese logo en persecución cando se evita a publicidade e participación pública no proceso, se acurtan os prazos de reclamación ó mínimo posible e se poñen todo tipo de atrancos para dificultar o acceso dos contribuintes ós expedientes. Todo isto sumado a unha inspección realizada por empresas privadas máis interesadas en empregar o mínimo tempo posible en lugar de reflexar a realidade nos expedientes convertiu este procedemento nun auténtico desastre que deixa os cidadáns indefensos, desinformados e consecuentemente estafados pola administración pública.

No caso concreto do concello de Chantada, a regularización comeza co anuncio no BOE co inicio do proceso, xa no 30 de abril de 2014 fixando o final do proceso para o 30 de novembro de 2014. Posteriormente, o 26 de novembro, públicase unha prórroga que fixa o último plazo no 30 de decembro de 2014. A pesares disto, dende o Concello non se adopta medida ningunha de información nin de preparación dos servizos técnicos para o que se avecinaba. E o que finalmente aconteceu foi que de cara finais do ano 2014 e principios do 2015 os veciños comenzaron a recibir as notificacións das súas regularizacións, dispoñendo únicamente de 15 días para realizar as



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

alegacións que consideraran convintes, cunha información confusa e dispoñendo do acceso ó expediente únicamente por internet, cando afecta en gran medida a unha poboación envellecida e sen acceso ás novas tecnoloxías. A axuda que recibiron do Concello foi sendo suaves, insuficiente e confusa, instándolle as máis das veces a que únicamente pagaran a tasa de regularización e sen ofrecerlle axuda para comprobar que os expedientes en efecto reflexaban a realidade.

Sendo este grupo municipal consciente dos feitos tomamos medidas inmediatas, principalmente en dúas liñas. Por unha parte tomamos a determinación de ofrecer ós veciños o que o Concello non lles proporcionaba: información sobre o proceso e de cómo alegar. Por outra banda reclamamos xa no primeiro Pleno Municipal en xaneiro de 2015 mediante unha moción que o Concello protestase ante Catastro pola desastrosa xestión e que reforzase os medios técnicos para atender ós veciños. Esto segundo quedouse no amplo caixón dos compromisos incumpridos do goberno municipal.

O proceso de resolución das alegacións por parte da Xerencia Territorial do Catastro de Lugo está sendo lento. Apenas a algúns veciños se lles está a contestar as súas reclamacións, a pesares de que a partir dos 6 meses da notificación se pode pedir a caducidade do expediente. Na práctica, e dado que a práctica totalidade dos expedientes se encuentran áinda en trámite, o proceso dista moito de estar rematado xa que os novos valores catastrais non son firmes ata que non se resolván as alegacións por parte dos veciños que as presentaron.

Agora, pasada a tormenta das reclamacións veciñais e apenas dous meses despois das eleccións municipais, o goberno municipal pon en marcha a segunda parte da súa agresión ós veciños: o inicio do cobro das liquidacións do Imposto de Bens Inmobilés ás construción obxecto de regularización, aprobando mediante o Decreto da Alcaldía 152/2015, de 4 de agosto os primeiros 59.272,21 € a 96 veciños de Chantada. Dentro destes 96 veciños, moitos deles coas súas alegacións en trámite e polo tanto aplicando un valor catastral provisional e sen forza de lei. De novo coa prudencia por bandeira, esta liquidación podemos denominala como irregular, aproveitando ademáis a época estival para realizarla e cun padrón parcial. Así pois irregular e con nocturnidade. Toda a premura que se lles negou ós veciños para resolver os seus problemas pónse agora en marcha para propiciar unas liquidacións irregulares, pero cun denominador común: a indefensión dos veciños ante a actuación da administración pública.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

1.- Anular e deixar sen efecto o Decreto da Alcaldía 152/2015, de 4 de agosto, procedendo á devolución inmediata dos importes indebidamente cobrados a aqueles contribuíntes que xa tiveran pagado.

2.- Paralizar a aplicación na xestión do Imposto de Bens Inmobilés dos valores catastrais resultantes da regularización catastral naqueles expedientes que se atopen en trámite de alegacións ata que estas se resolván.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

3.- Instar ó goberno municipal a que realice unha campaña informativa do estado de tramitación dos expedientes de regularización catastral, comunicando tódalas vías que poden os afectados tomar para facer valer os seus dereitos e poñendo a súa disposición os medios técnicos do Concello para enmendar tódolos errores detectados.

4- Instar ao goberno municipal a que elabore e presente antes de final de 2015 un proxecto de reforma da ordenanza fiscal do Imposto de Bens Inmobles, seguindo os criterios seguintes:

- Bonificar os bens inmobles afectos á produción agraria e gandeira, por ser esta actividade de especial interese municipal, ó abeiro do disposto no apartado 2 quáter do artigo 74 da Lei de Facendas Locais.
- Reducir o tipo de gravame aplicado ós bens inmobles.
- Establecer de oficio un fraccionamento das liquidacións do Imposto de Bens Inmobles ós contribuyentes afectados pola regularización catastral.”

Tras as intervencións regulamentarias, o Pleno, por catro votos a favor (Grupos Socialista e Por Chantada-CUP), sete votos en contra (Grupo de INTA) e dúas abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Non aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal Socialista sobre a regularización catastral e as liquidacións do Imposto de Bens Inmobles.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Raquel López Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que isto xa ven de atrás. O que fixeron foi o aforro dos 60 euros da taxa. Nós fixemos campaña por parroquias e tratamos de axudar. O Catastro foi lento en responder. Sen estar rematado o proceso, o Concello pon en marcha, por Decreto da Alcaldía do 4 de agosto deste ano, liquidacións a 96 veciños, moitos con reclamacións en trámite. Explica os acordos da moción, o fraccionamento é polo aumento das contías a pagar.

De D.Antón Fente Parada, portavoz do Grupo Por Chantada-CUP, que di que mantén o apoio xa expresado na Comisión.

De D.Francisco Javier Rodríguez Medela, portavoz do Grupo do PP, que pregunta se Secretaría ou Intervención poden informar se é cobrable estando en reclamación.

Do Sr. Interventor, que di que se se ten feio así, así será. Estamos dispostos a asesorar ben ás diversas persoas. É un tema complexo, pero non vexo o de fraccionar sen xuros. Estamos suxeitos á administración catastral.

Do Sr. Secretario, que máis que ante un fraccionamento, estaríamos en algo similar ao cobro dun padrón en varios prazos. Non sabe se é algo realmente novedoso, pola información que recibiu dende a recadación municipal.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

De D.Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, Alcalde e portavoz do Grupo de INTA, que explica o que ten pasado coa regularización. O Decreto de agosto é unha regularización voluntaria, veremos se hai algo que subsanar.

De Dna. Raquel López Rodríguez, que di que cando foron cos recibos ao Catastro, viron que que hai cousas que non son firmes.

Do Sr.Alcalde, que di que hoxe caeron nas súas mans cobros de catro anos ao seu sogro. Trata de inculpar do do Catastro a este Concello. Creo que os funcionarios atenderon como puideron.

De Dna. Raquel López Rodríguez, que di que non queremos culpabilizar ao Concello dunha revisión catastral non querida, nin aos funcionarios. Pero o Concello ten responsabilidades: cando se publicou a revisión no BOE en 2014, debeu anticiparse, como fixo por exemplo para aforrar os 60 euros da taxa.

Do Sr.Alcalde, que di que aquí había traballo feito por unha empresa que permitiu aforrar iso. Non aprobamos a moción.

MOCIÓN DE URXENCIA. Hai presentada unha moción polo **Grupo Por Chantada-CUP**, “para instar ás administración locais da Ribeira Sacra a tomaren medidas para acoller a persoas refuxiadas”, que se pode tratar, ao ser esta unha sesión ordinaria, se o Pleno acorda declarar a urxencia, segundo o previsto no art. 83 do ROF. O portavoz do Grupo propoñente defende a urxencia. O portavoz do Grupo do PP di que é urxente polo asunto humanitario, logo debatiremos. A portavoz do Grupo Socialista está a favor da urxencia. O Sr.Alcalde di que non aceptan a urxencia, porque trataremos de sumarnos –tamén “Podemos” o pide- á mellor atención posible. Hai que sensibilizar á poboación. É fácil trasladar a culpa aos demás, pero hai que empezar a dar pasos nós mesmos. Decidiremos o máis conveniente. O portavoz do PP di que na crise humanitaria, estamos todos, pero se é para aumentar o censo, debemos evitalo.

A votación foi: cinco a favor da urxencia (Por Chantada-CUP, Socialista, PP) e sete en contra (INTA). O Sr.Fente felicita ao goberno municipal pola decisión a tomar.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

15. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resoluciós adoptadas dende a anterior sesión ordinaria.

16. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2014.

En cumprimento do previsto no art. 193.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, dáse conta ao Pleno da aprobación da Liquidación do Orzamento de 2014, por Decreto da Alcaldía do 15 de maio de 2015. A Liquidación ten un Resultado Orzamentario axustado de -424.910,79 € e un Remanente de Tesourería para gastos xerais de 498.174,26 €.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

17. DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015.

A efectos de cumplir co disposto no art. 10 do Real Decreto-lei 7/2012, dáse conta do Informe de Intervención de Avaliación Trimestral (2º trimestre 2015) do Plan de axuste do Concello de Chantada, aprobado no seu día para a concertación da operación de endebedamento que financiou aboamentos a provedores tras acollerse o Concello ao mecanismo de pago previsto no Real Decreto-lei 4/2012.

18. DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE MOROSIDADE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015.

A efectos de cumplir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntase no Pleno o informe de morosidade correspondente ao 2º trimestre de 2015.

19. DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015.

A efectos de cumplir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntase no Pleno documentaciòn relativa ao periodo medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2015.

20. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2015.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumplimentar os datos correspondentes a este Concello do 1º trimestre de 2015, dos previstos sobre execuciùns trimestrais das Entidades Locais.

21. ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de entrar no punto propiamente dito de rogos e preguntas, o Sr.Alcalde di que os puntos anteriores son para dar conta. O Sr.Fente di que teñen unha documentación moi voluminosa, con pouco tempo para vela. Pola súa parte, o portavoz do PP segue vendo Decretos non numerados correlativamente.

Xa propiamente en Rogos e Preguntas:

- D. Antón Fente Parada (Por Chantada-CUP):
- Di que non recibiu resposta a preguntas do Pleno anterior.
- Pedimos local e non tivemos resposta, de acordo do ROF. Local que o goberno municipal utilizou cando estaba na oposición.
- Responde o Sr.Alcalde que ningún dos Grupos temos local municipal. Se o artellamos, deberíamos repartilo inclusivo. Hai anos, déixousenos provisionalmente.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- Segue D.Antón Fente Parada con rogos e preguntas que se numeran, a efectos de reflectir despois as respuestas recibidas, áinda que estas foron feitas de forma inmediata á formulación de cada rogo ou pregunta:

- 1) Pregunta sobre o destino da subvención concedida para Protección Civil.
- 2) Critica unhas Bases de persoal do 13 de xullo, feitas ás presas e pouco claras. No sucesivo, o máis claras posible e que non poida haber sospeitas.
- 3) Expresa queixa sobre a limpeza das rúas nos días de feira. Haberá unha ordenanza específica ou regularase? Se se fai, ao próximo Pleno.
- 4) Houbo queixas co lixo en agosto nos parques infantís. Hai que estudar reforzos na feira do viño, nas festas, etc., para evitar percances, con cristais por exemplo.
- 5) Sobre verteduras preguntadas no anterior Pleno, recabouse información sobre o recadado por Viaqua polo canon?
- 6) Sobre pintado de rúas e pasos elevados, xa advertimos sobre o edificio da Praza Santa Ana; agora prazas de aparcamento, en lugar de ser peonil.
- 7) Hai medidas sobre ese edificio?
- 8) Sobre a presenza de xofre nas rúas, con deposicións de sangue de animais, hai perigo non só para eles. Remítese á legislación protectora de animais. Roga que actúe a Policía Local.
- 9) Pregunta sobre a xestión das subvencións obtidas para servizos sociais e axuda no fogar. Haberá melloras no servizo? É máis ou menos que outros anos?
- 10) Refirese a iniciativas sobre a igualdade en varios lugares de Galicia. Hai un Plan en Chantada, que se vai facer? Un novo Plan, sendo o actual ata 2017?
- 11) As vivendas do Cantón, que na moción de Siria pediamolas para a exclusión social e os refuxiados, están paradas e non sei de quen é a culpa.
- 12) Hai un Consello que certifica produtos ecológicos de Galicia, podería ser condición na nosa comarca para o pulo das explotacións ecológicas.
- 13) Lembra unha queixa sobre falta de sinais e balde do lixo.
- 14) No período medio de pago a provedores, melloraron algo os datos, pero áinda se está sobre a lei, que medidas se van adoptar?
- 15) Pide informes sobre a integración do Concello en estruturas supramunicipais. Hai necesidade de buscar recursos. O Estado español segue primando a poboación.
- 16) Pregunta sobre unha reunión con Amando López Seijas.
- 17) Pregunta sobre as bicicletas municipais. Di que é posible un servizo en bicicleta da Policía Local.
- 18) Solicita información sobre axudas para enerxía e para parques empresariais.
- 19) Considera nada positiva a cesión de soberanía tributaria á Deputación de Lugo. Se a Intervención que impulsou este acordo, considera que haberá máis recadación, como se cuantificará?
- 20) O 22 de abril de 2015 houbo axudas para o uso da lingua galega. Vendo algúns documentos en castelán, e vendo a carencia dun técnico en normalización, pregunta se se fixo algo.
- 21) Pregunta sobre axuda á Comisión de festas.
- 22) E para o Folión?
- 23) Pregunta sobre a lama en Sangoñedo.
- 24) Pregunta sobre a colaboración con banco de alimentos.

- Respostas (do Sr. Alcalde, salvo que se indique outra cousa):



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- 1) Estamos mirando un equipo de voluntarios, que substitúa ao anterior de intervención rápida.
- 2) Faga as Bases que faga, case sempre ven a mesma xente. Hai que primar experiencia, o que vai contra xente capacitada, pasounos coa brigada de incendios.
- 3) A Policía Local repartiu bolsas. A empresa de limpeza comeza ao xantar. Fu na Faro, o cura ten vacas e na homilia defendeu o sector gandeiro. Había dous postos que ao levantarlos, alí estaba o lixo.
- 4) Hai que chamar á responsabilidade de quen rompe. D. Castor Novoa di que o servizo reforzouse, pero os parques son dos xardineiros e non estaban, e foi tarde para o servizo de limpeza.
- 5) D. Castor Novoa di que non ten constancia da vertedura. O portavoz do PP di que foi o 18 de xuño á altura da pasarela, o que corrobora a portavoz do PSOE. Di o Sr. Alcalde que hai convenio da Deputación e a Confederación Hidrográfica para a limpeza do río. Díxolle a Presidenta da Deputación cando o convenio para a festa da empanada.
- 6) D. Castor Novoa di que os coches estaban aparcados en batería e impedían o paso dos peóns. Regulouse o aparcamento en paralelo, deixando expedita a beirarrúa.
- 7) Non queda máis remedio. Teno o técnico para informar. Temos tamén que actuar no medio rural.
- 8) Sobre isto, di a portavoz do PSOE que a vixilancia do xofre xa a pediron eles no anterior mandato.
- 9) D. Castor Novoa di que aumentou a axuda porque aumentaron as horas de axuda no fogar. O Sr. Alcalde di que hoxe firmou o convenio de teleassistencia coa Deputación, e este ano vai asumir a Deputación o 100%.
- 10) Se se achega polo CIM, alí danlle datos. Di o Sr. Fente que charlas non se teñen feito e sería bo.
- 11) Aparece xente que non cumple coas valoracións, e volta a empezar.
- 12) Houbo actividade sobre isto dos Sindicatos. O Sr. Fente di que se poña un bando cando se fagan cousas destas. O Sr. Alcalde di que o mellor bando é a televisión.
- 13) D. Castor Novoa di que xa se repuxo o balde, segundo a empresa do lixo. O dos sinais era da Deputación. Di o Sr. Alcalde que un sinal era noso.
- 14) Hai que ir tendo liquidez mes a mes. En 2016, estaremos nos 30 días ou menos.
- 15) Non hai resposta neste momento.
- 16) Nalgún momento, informareille, e tamén poden facelo a portavoz do PSOE e o portavoz do PP.
- 17) Non hai resposta neste momento.
- 18) Non hai resposta neste momento.
- 19) O Sr. Interventor di que no Pleno da Deputación deste mes debatirse sobre isto. Esperaría a iso, porque é posible que sen custo teñamos un servizo más profesional, para o que nós non estamos capacitados.
- 20) A bibliotecaria tamén é normalizadora lingüística.
- 21) 35.000 euros.
- 22) 9.500 euros, igual que en 2014. Tamén o di o Sr. Diéguez Carballo. O Sr. Fente fai a reflexión de que non é só cuestión de cartos, senón de enfoque. Pode haber actuacións sen unha porrada de cartos. Hai música a prezos asequibles. Hai un debate entre os tres: Alcalde, Diéguez Carballo e Fente.
- 23) D. Castor Novoa di que se limpou en xullo.
- 24) Colabórase coa Cruz Vermella e Augas de Galicia. E o Banco de alimentos, engade Dna. Cándida Carnero.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- D.Francisco Javier Rodríguez Medela (PP). Rogos e preguntas que se numeran, a efectos de reflectir despois as respuestas recibidas, ainda que estas foron feitas de forma inmediata á formulación de cada rogo ou pregunta:

- 1) Os Padróns aprobados o 2 de setembro teñen unha diferenza de catrocentos e pico mil euros sobre o orzamento.
- 2) A que foi debida a vertedura do 19 de xuño no río Asma?
- 3) Pregunta sobre a demolición dun garaxe o 26 de agosto onde o Bar Penela.
- 4) Pregunta sobre o repintado e os pasos elevados, cerca das casas do Alcalde, dun Tenente de Alcalde e do traballo dunha Tenente de Alcalde.
- 5) No verán, houbo varias contratacóns. Porque non se fai a reserva para discapacitados?
- 6) Que non se perda a subvención para depuradoras. Que non pase o do 2013.

Por último, felicita polas festas, pero houbo un ruído elevado das atraccións, que habería que regular.

- Respostas (do Sr. Alcalde, salvo que se indique outra cousa):

- 1) Alcalde e Interventor din que se orzamenta con cautela respecto ao que resulte.
- 2) Díxoselle a Viaqua que fose mirar.
- 3) D. Castor Novoa di que se falou co propietario, porque non estaba en condicións. Había necesidade de actuar dende o Concello.
- 4) D. Castor Novoa di que non son tres pasos, senón catro. O informe da Policía Local indicou como perigoso o cruzamento coa rúa Santa Mariña. Coincide que vivo alí, pero tamén está a parada do bus e más cousas. Tamén se fixou dirección única para a rúa Santa Mariña.
- 5) Estamos no parámetro ao respecto.
- 6) É posible que non lle poidamos fazer fronte.

- Dna. Raquel López Rodríguez (PSOE). A pregunta nº 7 é de Dna. María Jesús Rodríguez López. Rogos e preguntas que se numeran, a efectos de reflectir despois as respuestas recibidas, ainda que estas foron feitas de forma inmediata á formulación de cada rogo ou pregunta:

- 1) Sobre a recollida de lixo, Castor Novoa no Pleno de xullo quedou en pedir explicacións á empresa. Segue habendo problemas.
- 2) Pregunta polos pasos elevados a solicitude dos veciños da Avenida de Monforte.
- 3) Que pasos se deron?
- 4) Pregunta sobre o camiño de Santiago de Arriba, visto no anterior mandato.
- 5) Pregunta sobre o arranxo do camiño de San Fiz ás Cacholas.
- 6) E en Arcos, ata a granxa do Saborido.
- 7) E sobre o camiño de San Lucas, que é bo para a festa da empanada, pero non estaba listo nesa altura.
- 8) Pregunta sobre taxas pola realización de queimas, e corta de árbores no casco urbano. Considéralo inxusto. Dende a lei da Xunta, que adapta a normativa que descoñecemos en Chantada, non hai taxa no aproveitamento de madeira nin na queima. Lé a lei. Pregamos resposta fundamentada para cobrar esas taxas.

- Respostas (de D. Castor Novoa, salvo que se indique outra cousa):



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com

- 1) Houbo reunión no Concello, a empresa alegou algún problema pero cumplirá.
- 2) As ubicacións foron feitos de acordo co informe da Policía Local.
- 3) Pediuse en Xunta de Goberno. Veu o vixiante. Chamamos a unha persoa, e a outra máis. Non había problema en facelos, máis problema co desprazamento que coa obra. O Alcalde di que non é bo momento, por haber unha nova empresa concesionaria da Xunta. A portavoz do PSOE reclama constancia. D.Castor Novoa di que aparte do notificado da Xunta de Goberno, un caso foi verbal.
- 4) Non era verdade o que se dicía, que ía ir dende Bacelares con firmas. Pero despois cambiaron o compromiso para facelo eles se Concello puña o gasoil, pero non o fixeron.
- 5) Di o Sr.Alcalde que se está desbrozando hoxe. Se o tempo o permite, arránxase.
- 6) Di o Sr.Alcalde que se non chovese, hoxe que se está traballando dende Barrio a Lama Sendín, aproveitariase para esa obra.
- 7) Di o Sr.Alcalde que non sabe, que debería estar desbrozada, pero ten bastante largo.
- 8) Di o Sr.Alcalde que non damos permisos de queima, si de corta. A portavoz do PSOE pregunta se se cobra pola corta. Dna. María Jesús remítese á Lei 7/2012. O Sr.Secretario di que desconoce ese cobro. A portavoz di que se estude se se cobra, en que casos e con que fundamento.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

Manuel L. Varela Rguez.



